



Asemblea Cidadá de arral



Daniel Rodríguez

Irene Rivas

César Santiso



Mauro Alvarez

César Bergondo

Beni Fernández

O presente documento é una síntese estruturada das propostas da veciñanza aprobadas en asemblea. As ditas propostas recolléronse nos distintos buzóns de suxestións instalados en distintos establecementos do municipio, nas múltiples asembleas desenvolvidas nos últimos meses, así como no apartado de programa participativo da sección participación cidadá da nosa web: [www.assembleacidadacarral.org](http://www.assembleacidadacarral.org). Trátase dun documento aberto a novas achegas e incorporará as medidas apoiadas maioritariamente nas distintas asembleas parroquiais que posteriormente se ratifiquen na asemblea de peche de campaña do 22 de maio. Este xeito de actuar, diferéncianos dos demais e demostra o noso total compromiso co empoderamento da cidadanía, posibilitando unha auténtica participación da veciñanza na vida política do Concello. En isto consiste a democracia real.

Somos conscientes da grave situación económica na que se atopa o Concello, o inmovilismo e a inacción institucional están condenándoo á ruína. A enorme dificultade que supón a falta de liquidez, obriga a desenvolver unha grande actividade política-institucional para captar os fondos necesarios, así como unha boa xestión e optimización de recursos. O que require audacia, dinamismo e imaxinación, combinados con coñecemento do funcionamento da Administración e experiencia institucional. A Asemblea Cidadá de Carral considera que posúe as devanditas actitudes.

As medidas que incorpora este documento foron estudadas en profundidade por técnicos especialistas colaboradores. Non só para avaliar a súa factibilidade, ámbito competencial, retorno económico-social ou posible vía de financiamento, senón tamén para posibilitar a retroalimentación das actuacións, deseñando vínculos de unión que permitan que o desenvolvemento dunhas, impulse a outras.

Obviamente, estamos falando dun proxecto a longo prazo, un proxecto de futuro que ademais de requirir tempo, esforzo e dedicación, depende de factores externos no tocante ao seu financiamento. Un proxecto estratéxico para crear riqueza social, por en valor o noso medio natural e recuperar o patrimonio do municipio. Un proxecto que se sustenta en promover dende o concello a economía verde e a economía social en beneficio das persoas. Somos xentes preocupadas polo Ben Común e cós pés na terra, sabemos que non será nin rápido nin doado, pero trátase do noso futuro!!!

Loitamos por conseguir o Carral que queremos, un Concello próspero, solidario e sostible económica, social e medioambientalmente. Queremos poñer o Concello nas túas mans. Apúntaste?

As medidas que te presentamos divídense en seis apartados temáticos:

- **Participación Cidadá**
- **Transparencia e Bo Goberno**
- **Mobilidade e Urbanismo Racional e Sustentable**
- **Defensa do Público Como Garante Social e Xeración de Emprego Local**
- **Creación de Emprego e Reactivación Económica Local**
- **Cultura**

## Participación Cidadá

O Pobo é quen máis ordena. Esa é a nosa razón de ser, non en van este programa foi construído de xeito participativo. Queremos maior poder de decisión para a cidadanía.

- **Orzamentos participativos** para que a veciñanza de cada barrio elixa democraticamente como gastar os cartos destinados á súa parroquia.
- **Creación dos Consellos Parroquiais, o Consello Social e o Consello da Mocidade.**
- **Abrir os Plenos do Concello á veciñanza**, retransmitíndoos en directo mediante a web e a radio municipal, así como permitir a intervención da veciñanza de modo regrado.
- **Desenvolvemento dun novo e mellor regulamento de participación cidadá.**

## Transparencia e Bo Goberno

A ética, a transparencia, e a eficiencia a través dunha administración eficaz ao servizo da veciñanza, son principios reitores do nosa programa de goberno.

- **Máxima transparencia na xestión dos fondos públicos municipais.** Entendemos que non se debe adxudicar ningún contrato, obra ou servizo por procedementos sen publicidade e sen que todas as ofertas recibidas, xunto coas súas respectivas valoracións e informes técnicos e xurídicos, estean integramente, segundo permita a Lei de Protección de Datos, a disposición do público para a súa consulta libre, anónima e sen restricións na páxina web municipal, ao igual que para o pagamento de calquera certificación de obra, factura, subvención ou convenio con cargo a fondos municipais. Apostamos, tamén, porque ningún representante municipal en empresas públicas, consorcios e outras administracións poda vote a favor de acordos que non contemplan un nivel de transparencia equivalente.
- **Auditoría da débeda**, externa e pública, para que todos e todas coñezamos a situación real do concello.
- **Realizar un inventario das propiedades do concello** para poñelas ao servizo do pobo.
- **Plan de Reorganización da Administración Carralense (PRAC)** para optimizar recursos, reducir custos, gañar en eficacia e mellorar os servizos á cidadanía.
- **Optimizar e reducir e o gasto corrente do Concello**, centralizando para acadar mellores prezos dos provedores, a través dunha central de compras municipal.
- **Reorganizar e reutilizar os locais propios do Concello para poñelos ao servizo da veciñanza**, incrementando os seus usos (viveiro de empresas, tecido asociativo, actividades artístico-culturais...).
- **Baixar á metade os gastos de alcaldía.**
- **Redución dun 75% dos custos en protocolo e relacións públicas.**
- **Baixar un 25% os emolumentos de alcalde, concelleiros e cargos de confianza.**

## Mobilidade e Urbanismo Racional e Sustentable

Apostamos por promover a mobilidade universal e sostible mediante acordos supramunicipais, así como polo ecourbanismo e a xestión sustentable do territorio na procura de rematar co actual caos urbanístico, feísmo municipal e cemiterio de formigón en que se ten convertido o noso concello debido a política do pelotazo implantada polos populares.

- **Habilitar unha liña de transporte público colectivo municipal.** Trátase de habilitar un pequeno autobús que conecte todas as parroquias. Tanto o percorrido, como as paradas das parroquias, decidiranse de xeito participativo entre toda a veciñanza.
- **Plan de rehabilitación de vivendas** para incrementar a seguridade, promover o aforro enerxético e mellorar a estética xeral do concello, ao tempo que se crea emprego local.
- **Poñer os servizos municipais e o xuíz de paz a disposición das familias con conflitos coas entidades locais que poidan rematar nun desafiuzamento.**



## Cultura

- **Promover e por os locais municipais a disposición de todo tipo de expresións artísticas-culturais,** así como aos colectivos do municipio que as desenvolvan. Fomentando a autoxestión artístico-cultural e a participación da veciñanza.
- **Defensa da nosa lingua e cultura.** Valoramos a diversidade e o respecto á nosa contorna tamén no aspecto cultural e lingüístico. Acollerémonos ao marco do ecolingüismo para promover a lingua galega, depositaria da nosa identidade e vehículo de estruturación específica da realidade máis próxima, que acrecenta o patrimonio lingüístico da Humanidade. Fomentaremos o seu uso en todos os ámbitos sociais e reorientaremos o traballo desenvolvido desde o departamento de normalización lingüística do Concello, tendo en conta sobre todo que existe persoal cualificado.
- **Cumprimento estrito da Lei de memoria histórica.**

## Defensa do Público Como Garante Social e Xeración de Emprego Local

Rexeitamos as externalizacións de servizos públicos mediante concesións a empresas privadas, pois son privatizacións encubertas que supoñen sobrecustos e menor calidade nos servizos. O concello pulará para avanzar na cobertura universal das necesidades básicas da veciñanza como alimentación, vivenda e aqueles servizos necesarios para cubrir as necesidades de dependencia e conciliación da vida familiar e laboral.

- **Descentralizar e incrementar a oferta de prazas e horarios nas escolas infantís** e preescolar para que ningún rapaz ou rapaza quede sen servizo, mediante a intensificación das relacións institucionais coa Xunta de Galicia e a recuperación dalgún centro parroquial.
- **Abrir os comedores escolares durante todo o ano para que ningún rapaz pase fame** ou sufra desnutrición, o que suporá unha oportunidade de xeración de emprego local.
- **Creación dun servizo de comidas a domicilio** para persoas dependentes ou en risco de exclusión social, mediante unha taxa proporcional á capacidade económica do solicitante.
- **Mellorar a axuda a dependentes** mediante a teleasistencia e o incremento do número de prazas de asistencia a domicilio, para que no quede ningunha persoa dependente sen servizo, ao tempo que se crea máis emprego local.
- **Respecto ás persoas, igualdade de oportunidades** sen distinguir entre raza, sexo ou diversidade sexual, promovendo políticas de igualdade e loita contra a violencia machista.
- **Establecemento dun sistema impositivo máis xusto** que permita a redistribución da riqueza, reducindo as cargas fiscais da maioría a cambio de que os que máis teñen, máis acheguen á construción dun novo Carral máis próspero e solidario.
- **Plan de integración da xuventude**, participado pola propia mocidade para que se poida desenvolver plenamente no concello tanto a nivel social, como económico, cultural e ocio.
- **Creación dun banco alimentario municipal** para axudar aos máis necesarios, que se nutra dos excedentes de produción das cooperativas de desempregados agrogandeiras promovidas dende o concello, así como das doazóns dos establecementos alimentarios do concello, para o cal se desenvolveran convenios de colaboración que permitan a visualización dos locais solidarios.
- **Aumentar a colaboración entre ANPA e concello** de cara a mellorar a formación dos nosos rapaces e incrementar a oferta de actividades extraescolares.
- **Potenciar as actividades da terceira idade** para incrementar a oferta de ocio para os nosos maiores.
- **Situar as máquinas de ximnasia ao aire libre no centro de Carral** para que poidan ser utilizadas con facilidade pola veciñanza e axuden a mellorar a saúde e calidade de vida, algo que agora non acontece por estar situadas nun lugar afastado e de difícil acceso.

## Creación de Emprego e Reactivación Económica Local

- **Creación dun Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME)**, mediante convenios coas empresas locais de xestión administrativa e o propio persoal do Concello. Mediante unha taxa, Cooperativas de traballadores, autónomos e PEMES locais cubrirán as súas necesidades en comunicacións, loxística, servizos administrativos, asesoramento contable, laboral e tributario e uso compartido a oficinas. Os únicos requisitos son: dispor dun estudo de viabilidade económica, reducir a dependencia enerxética da súa actividade e crear emprego estable e de calidade.
- **Promover o emprego explotando a nosa riqueza natural de modo sostible.** Carral é un verxel natural desaproveitado, polo que apostamos por dar unha oportunidade ás persoas desempregadas, promover cooperativas de agricultura e gandería ecolóxica, a través dunha serie de medidas que sitúen Carral como referente estatal en produción ecolóxica e ecoturismo cultural.
  - Aproveitar os Fondos europeos para recuperar todos os espazos singulares do concello que teñan valor ecolóxico, cultural, histórico ou arquitectónico, uníndoos entre si e con todas as parroquias mediante roteiros deseñados de xeito participado coa veciñanza.
  - Promoción dunha marca de calidade de produtos alimentarios naturais de Carral.
  - Converter fincas abandonadas en terras produtivas mediante convenios, para poñelas ao servizo de cooperativas de desempregados, ao igual que os terreos municipais infrautilizados.
  - Potenciación das feiras de Carral e coordinación das redes alternativas de distribución para asegurar prezos dignos para os produtores e xustos para consumidores, así como o abastecemento do banco alimentario municipal que creará o concello.
  - Soporte técnico e formación forestal cara unha agricultura ecolóxica autosuficiente.
  - Creación dunha brigada forestal que inclúa o silvipastoreo, para evitar incendios, crear abono orgánico para as cooperativas agrarias, mellorar a actividade forestal e loitar contra as especies invasoras.
  - Creación dunha lonxa forestal e un sequeiro municipal, para promover a actividade forestal, convertendo o noso monte en fonte de riqueza.
  - Construción dunha rede de depuradoras verdes para devolver as augas en óptimas condicións ao noso medio natural e producir abono orgánico. Trátase de pequenas actuacións que non so requiren de pouco investimento, senón que este reverte maioritariamente na creación de emprego local, pois a meirande parte do custe é de man de obra.
  - Eliminación de vertidos e vertedoiros, ademais dunha oportunidade de traballo, suporá unha notable mellora da calidade e valor do noso medio natural.